

## Actividades

### Xornada Anual de Muller e Ciencia

A Unidade de Muller e Ciencia realizará cada mes de decembro unha xornada que ten como obxectivos dar a coñecer as actuacións da propia Unidade e servir como un espazo de debate e de presentación de propostas por parte de todos os axentes públicos e privados que interveñen nos eidos científico e educativo.

Esta xornada ten como obxectivo dar a coñecer as actuacións da propia Unidade, e servir como un espazo de debate e de presentación de propostas por parte de todos os axentes públicos e privados que interveñen nos eidos científico e educativo.

- [Invitación-Programa 2008 \[pdf\]](#) [1]
- [Invitación-Programa 2007 \[pdf\]](#) [2]
- [Invitación-Programa 2006 \[pdf\]](#) [3]

### Cadernos da Unidade de Muller e Ciencia

Baixo esta denominación ve a luz unha colección propia e estable na que se publicarán estudos emanados da propia unidade e/ou a tradución doutros que se consideren de interese. Terá un carácter divulgativo e unha periodicidade semestral. O primeiro exemplar da colección corresponde ao estudo As mulleres no Sistema Educativo de Galicia: situación actual. O texto analiza a situación das mulleres durante todo o sistema educativo galego, recopilando datos correspondentes tanto á súa presenza no alumnado como no profesorado.

- [Caderno Nº2 \[pdf\]](#) [4]
- [Caderno Nº1 \[pdf\]](#) [5]

### Estatísticas e indicadores

As institucións e organismos internacionais que manifestan un compromiso coa igualdade de xénero levan décadas recomendando que a recollida de datos sexa sempre desagregada por sexo, primeiro paso imprescindible para a visibilización das desigualdades e a detección de desequilibrios de xénero.

A nivel galego destaca a Lei 16/2006, de 27 de decembro, do Plan Galego de Estatística 2007-2011, que inclúe, entre os seus obxectivos o de “avanzar ata a consideración de xénero como unha parte integrante da actividade estatística. Neste senso, as operacións nas que se contemplan datos sobre persoas deberán de recollese e difundirse por sexo” (artigo 7.1).

Neste ámbito, a Unidade de Muller e Ciencia de Galicia ten como obxectivos:

- Promover ante as institucións e organismos con responsabilidade nos ámbitos científicos e tecnolóxicos galegos a unificación de criterios na elaboración de indicadores desagregados por sexos.
- Instar aos organismos estatísticos oficiais á incorporación de forma normalizada, nas

---

estadísticas que elaboran, de datos relativos á presenza feminina nas actividades de I+D+i co fin de obter información específica de carácter cuantitativo e/ou cualitativo.

Igualmente, a Unidade promoverá entre os centros educativos, universidades, centros públicos de investigación, centros tecnolóxicos, sistema público sanitario e, lóxicamente, nos propios departamentos da Secretaría Xeral da Igualdade, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Consellería de Economía e Industria a obriga de desglosar os datos por sexo en todas as publicacións, estudos, rexistos que contemplan datos sobre persoas.

A este respecto, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ten como obxectivo a delimitación e consolidación dunha listaxe de indicadores clave en materia de ciencia e xénero coa fin de promover a súa recompilación anual.

### **Ciclo de Conferencias “Muller e Ciencia”**

No ano 2008 a Unidade de Muller e Ciencia porá en marcha un ciclo de conferencias que abordará diferentes aspectos da relación entre mulleres e ciencia.

### **Estudo histórico da contribución das Mulleres Galegas á Ciencia e á Tecnoloxía**

No marco do Programa Galego de Muller e Ciencia, a Unidade ten prevista a elaboración dun estudo histórico que permita a difusión e visibilización na sociedade das contribucións feitas polas mulleres en Galicia á ciencia e á tecnoloxía.

### **Estudo sobre a situación das Mulleres na I+D+i en Galicia**

Este estudo analiza a situación das mulleres que se dedican á investigación no ámbito privado, isto é, no ámbito da investigación industrial, tomando como punto de partida para a realización de enquisas as empresas demandantes de subvencións da Dirección Xeral de I+D+i. Este estudo será publicado como o Caderno nº 2 da colección Cadernos da Unidade de Muller e Ciencia de Galicia. Aquí presentamos un avance dos primeiros resultados.

- [Avance dos Resultados \[pdf\]](#) [6]

### **Directorio do Sistema público e privado de I+D+i**

Co obxectivo de visibilizar ás mulleres investigadoras galegas tanto no ámbito da investigación pública como no da investigación industrial creárase un directorio de investigadoras.

- [I+D+i](#) [7]
- [Actividade](#) [8]
- [Conferencia, congreso ou seminario](#) [9]
- [Estudo](#) [10]
- [Publicación](#) [11]
- [Xornada](#) [12]

- [I+D+i](#)
- [Actividade](#)
- [Conferencia, congreso ou seminario](#)
- [Estudo](#)
- [Publicación](#)
- [Xornada](#)

**Source URL:** <http://unidadedamullereciencia.plexus.es/informacion/actividades>

### Ligazóns:

- [1] <http://unidadedamullereciencia.plexus.es/sites/default/files/users/1/programa.pdf>
- [2] [http://unidadedamullereciencia.plexus.es/sites/default/files/users/1/invitacion-programa\\_07.pdf](http://unidadedamullereciencia.plexus.es/sites/default/files/users/1/invitacion-programa_07.pdf)
- [3] [http://unidadedamullereciencia.plexus.es/sites/default/files/users/1/invitacion-programa\\_06.pdf](http://unidadedamullereciencia.plexus.es/sites/default/files/users/1/invitacion-programa_06.pdf)
- [4] [http://unidadedamullereciencia.plexus.es/sites/default/files/documento/2011/06/117\\_caderno-n-2-mulleres-na-id-empresarial-de-galicia-situacion-actual.pdf](http://unidadedamullereciencia.plexus.es/sites/default/files/documento/2011/06/117_caderno-n-2-mulleres-na-id-empresarial-de-galicia-situacion-actual.pdf)
- [5] [http://unidadedamullereciencia.plexus.es/sites/default/files/documento/2011/06/116\\_caderno-n-1-mulleres-no-sistema-educativo-de-galicia-situacion-actual.pdf](http://unidadedamullereciencia.plexus.es/sites/default/files/documento/2011/06/116_caderno-n-1-mulleres-no-sistema-educativo-de-galicia-situacion-actual.pdf)
- [6] [http://unidadedamullereciencia.plexus.es/sites/default/files/users/1/avance\\_resultados\\_mulleres\\_na\\_idi.pdf](http://unidadedamullereciencia.plexus.es/sites/default/files/users/1/avance_resultados_mulleres_na_idi.pdf)
- [7] <http://unidadedamullereciencia.plexus.es/category/taxonomia-temas/idi-0>
- [8] <http://unidadedamullereciencia.plexus.es/category/taxonomia-tipos/actividade>
- [9] <http://unidadedamullereciencia.plexus.es/category/taxonomia-tipos/conferencia-congreso-ou-seminario>
- [10] <http://unidadedamullereciencia.plexus.es/category/taxonomia-tipos/estudo>
- [11] <http://unidadedamullereciencia.plexus.es/category/taxonomia-tipos/publicacion>
- [12] <http://unidadedamullereciencia.plexus.es/category/taxonomia-tipos/xornada>